



Sr. Secretario Xeral de Calidade e
Avaliación Ambiental
Consellería de Medio Ambiente,
Territorio e Infraestruturas
Xunta de Galicia

D. Serafín J. González Prieto, Presidente da SGHN, en relación coa Consulta sobre contido de Estudio de Impacto Ambiental do proxecto Parque Eólico Cordal de Montouto-Pando [(Aranga, A Coruña) (Guitiriz, Lugo)], promovido por FENOSA WIND, S.L., clave 2011/0096,

EXPÓN:

1. Que de acordo co “Documento de inicio” o proxecto podería afectar a 1 hábitat de conservación prioritaria na Unión Europea: 4020 Uceiras húmidas de zonas atlánticas de *Erica ciliaris* e *Erica tetralix*.
2. Que, de acordo co “Documento de inicio”, coas categorías contempladas nos Libros Vermellos estatais e no Catálogo Galego de Especies Ameazadas (Decreto 88/2007) e no Anexo I da Directiva Aves o proxecto podería afectar a 17 especies de vertebrados catalogadas nalgunha categoría de ameaza para a súa conservación (*Chioglossa lusitanica*, *Rana iberica*, *Rana temporaria*, *Discoglossus galganoi*, *Ciconia ciconia*, *Circus cyaneus*, *Circus pygargus*, *Milvus migrans*, *Falco peregrinus*, *Caprimulgus europaeus*, *Lullula arborea*, *Sylvia undata*, *Lanius collurio*, *Galemys pyrenaicus*, *Rhinolophus hipposideros*, *Rhinolophus ferrumequinum*, *Myotis myotis*).

SOLICITA:

Que o Estudio de Impacto Ambiental do proxecto Parque Eólico Cordal de Montouto-Pando [(Aranga, A Coruña) (Guitiriz, Lugo)], promovido por FENOSA WIND, S.L., clave 2011/0096:

1. Avalíe os posibles efectos indirectos do proxecto sobre o hábitat de conservación prioritaria na Unión Europea: 4020 Uceiras húmidas de zonas atlánticas de *Erica ciliaris* e *Erica tetralix*.
2. Avalíe con detalle e rigor as posibles afeccións do proxecto sobre as especies incluídas no anexo I da Directiva Aves, nos Libros Vermellos estatais e no Catálogo Galego de Especies Ameazadas presentes na zona e contemple a adopción de medidas mitigadoras:
 - a. Anfibios, réptiles e micromamíferos: mortandade nos viais de acceso por atropelo e atrapamento en gabias, taxejas, pasos canadienses, etc.
 - b. Aves e quirópteros: mortandade por impacto cos aeroxeneradores e perturbacións sobre a súa utilización dos hábitats na contorna do parque eólico durante todas as fases do ciclo vital.
 - c. Contemple a inclusión de todas as medidas preventivas e/ou correctoras recomendadas nos Plans de conservación de especies ameazadas que teña elaborados (ou en elaboración) a Xunta de Galicia de acordo co previsto nos artigos 15 e 16 do Decreto 88/2007.
3. Avalíe a mortandade de anfibios, réptiles, aves e mamíferos nos viais de acceso (atropelo e atrapamento en gabias, taxejas, pasos canadienses, etc.) e a adopción de medidas eficaces para mitigala.

En Santiago de Compostela, a 21 de xuño de 2011